



O Entroido é celebrado en toda Europa dende épocas descoñecidas. Algúns pensan que a súa orixe está nas tradicións celtas e outros afirman que se pode atopar na adoración ao deus Baco. Coa chegada do cristianismo moitas das festas pagás foron cristianizadas. Así, esta celebración, que posiblemente tiña o seu significado na despedida dos longos e duros días do inverno, mesturouse coa despedida da carne antes do período de abstinencia da Coresma (corenta días antes do domingo de Ramos) que comeza o mércores de Cinza.

O Entroido subsiste debido a que é unha festa que invita á participación de todos, sen prexuízos nin distincións. O anonimato que proporcionan as máscaras e os disfraces é un dos seus principais atractivos, pois permítelle á xente facer cousas que non se atrevería noutro momento.

No Entroido tradicional galego distínguense varias celebracións segundo pasa o tempo:

DOMINGO FARELEIRO OU BORRALLEIRO (Bótase farelo ou borralla sobre a veciñanza)

XOVES DE COMPADRES E COMADRES (Loita simbólica entre homes e mulleres representada nun boneco)

DOMINGO CORREDOIRO (Bótase auga, formigas...sobre os miróns)

DOMINGO, LUNS e MARTES DE ENTROIDO (Son os días da festa grande)

ENTERRO DA SARDIÑA (Quéimase ou bótase á auga o entroido)

DOMINGO DE PIÑATA (Último día no que está permitido facer entroidadas)



ENDL

CEIP Juan Fernández Latorre